

# HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA

Recomendacións básicas en materia de  
protección de datos no contexto  
do uso da HSUE polos servizos sociais  
comunitarios dos concellos





# **Recomendaciones básicas en materia de protección de datos no contexto do uso da HSUE polos servizos sociais comunitarios dos concellos**

**Amtega**



Xunta de Galicia. 2020.

Recomendaciones básicas en materia de protección de datos no contexto do uso da HSUE polos servizos sociais comunitarios dos concellos

EDITA:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social

AUTOR:

Amtega

#### CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

URL:

<https://libraria.xunta.gal/gl/recomendacións-HSUE-2020>.

# Índice

<b>1 INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>6</b>
<b>1.1 Referencias normativas</b> .....	<b>8</b>
1.1.1 Xerais .....	8
1.1.2 Sectoriais .....	9
<b>2 PRINCIPIOS, DEBER DE INFORMACIÓN E RECOMENDACIÓNS</b> .....	<b>10</b>
<b>2.1 Principios</b> .....	<b>10</b>
<b>2.2 Deber de información</b> .....	<b>11</b>
<b>2.3 Traslado da información sobre a protección de datos da persoa usuaria</b> .....	<b>13</b>
<b>2.4 Boas prácticas no tratamento de datos e protocolo de actuación</b> .....	<b>14</b>
<b>3 PROPOSTA DE CLÁUSULA INFORMATIVA</b> .....	<b>16</b>



# 1 INTRODUCCIÓN

Para a posta en marcha nos servizos sociais comunitarios dos concellos do sistema de información de Historia social única electrónica (HSUE) estableceuse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Por parte da Xunta de Galicia participan a Consellería de Política Social, como centro directivo encargado da dirección funcional do sistema de información, e a AMTEGA, como organismo encargado do seu desenvolvemento tecnolóxico. O convenio prevé un modelo para a adhesión das entidades locais, de xeito que constitúe un requisito previo para a utilización da HSUE polos servizos sociais comunitarios municipais.

O dito convenio establece no seu “Capítulo terceiro. Obrigas das entidades locais de Galicia”, cláusula “Décimo quinta. Protección de datos”, as obrigas referidas ao cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal que comporta o emprego do sistema, en particular a raíz do rol de encargado de tratamento que adquire o concello con relación ao tratamento de datos que implica a utilización da HSUE.

Con motivo da entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, xeral de protección de datos (en adiante, RXPD) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD), faise aconsellable aclarar as principais obrigas en materia de protección de datos que comporta o uso da HSUE nos servizos sociais comunitarios municipais tendo en conta a nova regulación.

A nova regulación recolle, entre outros aspectos: o deber de publicación do rexistro de actividades do tratamento do órgano ou organismo do sector público, a obriga de informar a cidadanía sobre o exercicio dos seus dereitos, a potestade de verificación dos datos persoais da cidadanía, a modificación do artigo 28 da Lei 39/2015 sobre o dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración, as indicacións para a identificación dos cidadáns e cidadás na notificación dos actos administrativos, a posibilidade de comunicación de datos persoais dos administrados/as a suxeitos privados, ou o deber de designación dun delegado ou delegada de protección de datos.

Este documento pretende compilar, de maneira sucinta, as principais obrigas do concello con respecto aos tratamentos dos datos recollidos nas visitas e sesións co traballador ou traballadora social e demais profesionais que participen no proceso de intervención social no tocante á incorporación de datos no sistema de HSUE, nomeadamente en relación co cumprimento do deber de información.

Así, o documento céntrase nas obrigas do concello con relación ao tratamento de datos que comporta a incorporación de información á HSUE e no emprego polos profesionais de servizos sociais comunitarios do dito sistema, no que o concello actúa cun rol de encargado de tratamento. Ademais, cómpre sinalar que a compartición de información a través da HSUE está limitada a un conxunto de información acoutado (a información e documentación que se comparte a través da HSUE), sendo por norma xeral de maior alcance o tratamento da información no ámbito de servizos sociais comunitarios municipais, co correspondente escenario no que o concello actúa en todo caso como responsable dos seus propios tratamentos de datos.

## Terminoloxía:

- **Datos persoais:** toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable (“o/a interesado/a”). Considerarase persoa física identificable toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa.
- **Tratamento:** calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución;
- **Responsable do tratamento:** persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determina os fins e medios do tratamento.
- **Encargado/a do tratamento:** persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que trate datos persoais por conta da persoa responsable do tratamento.
- **Destinatario/a:** persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo ao que se lle comuniquen datos persoais, trátase ou non dun terceiro. Non se considerarán destinatarios as autoridades públicas que poidan recibir datos persoais no marco dunha investigación concreta de conformidade co Dereito da Unión Europea.
- **Limitación do tratamento:** marcaxe dos datos persoais conservados co fin de limitar o seu tratamento no futuro.



- **Dereito á limitación do tratamento:** consiste en deixar de aplicar aos datos persoais as operacións de tratamento que correspondan.
- **Dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas:** dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado que produza efectos xurídicos ou afecte sinaladamente ou de xeito similar o interesado.
- **Dereito de acceso:** dereito da persoa interesada a obter a confirmación do/a responsable de se se están tratando os seus datos persoais e, en tal caso, acceder aos datos e á información relacionada.
- **Dereito de oposición:** dereito da persoa interesada a opoñerse a un ou máis tratamentos, é dicir, a negativa a un tratamento concreto dos datos persoais.
- **Dereito de portabilidade:** dereito a recibir os datos persoais que a persoa interesada lle facilitará á persoa responsable nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica a outro/a responsable.
- **Dereito de rectificación:** dereito da persoa interesada a obter da persoa responsable a rectificación de datos persoais inexactos.
- **Dereito de supresión:** dereito da persoa interesada a que os seus datos persoais sexan eliminados por parte da persoa responsable cando xa non sexan necesarios, se retire o consentimento ou xa non sexan lícitos.

## 1.1 Referencias normativas

### 1.1.1 Xerais

- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) (DOUE do 04.05.2016)
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) (BOE núm. 294 do 06.12.2018)



- Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DBP) (DOG núm. 203 de 20.10.2008)
- Política de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobada o 25 de xuño de 2015 polo Consello da Xunta de Galicia, modificada mediante resolución do 4 de maio de 2018 (DOG nº 81 do 14.05.2018)

### **1.1.2 Sectoriais**

- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (nomeadamente o artigo 16. Continuidade dos niveis de actuación social (apartados 5 e 6, referidos á HSUE) (DOG nº 245 do 18.12.2008)
- Decreto 89/2016, de 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e acceso á historia social única electrónica (DOG nº 141, do 27.07.2016)
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia (de 11 de novembro de 2016).
- I Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia (de 18 de outubro de 2018).



## 2 PRINCIPIOS, DEBER DE INFORMACIÓN E RECOMENDACIONES

### 2.1 Principios

Os **principios** que debemos ter en conta no tratamento de datos persoais recóllense no artigo 5 do RXPDP e son os seguintes:

- Principios de licitude, lealdade e transparencia: os datos serán tratados de maneira lícita, leal, e transparente en relación coa persoa interesada, neste caso o cidadán ou a cidadá.
- Principio de limitación da finalidade: os datos persoais serán recollidos con fins determinados, explícitos e lexítimos e non serán tratados posteriormente de maneira incompatible cos ditos fins.
- Principio de minimización dos datos: os datos persoais recollidos serán adecuados, pertinentes e limitados en relación cos fins para os que son tratados.
- Principio de exactitude: os datos persoais serán exactos e, se for necesario, serán actualizados, adoptándose as medidas razoables para que se supriman ou rectifiquen sen dilación.
- Principio de limitación do prazo de conservación: os datos persoais serán mantidos de xeito que se permita a identificación das persoas interesadas durante o tempo estritamente necesario para cumprir os fins do tratamento dos datos de carácter persoal. Con todo, os datos persoais poderán conservarse durante períodos máis longos sempre que os fins do arquivo sexan de interese público, de investigación científica ou estatísticos.
- Principios de integridade e confidencialidade: os datos persoais serán tratados de tal maneira que se garanta unha seguridade adecuada, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental.
- Principio de responsabilidade proactiva: o/a responsable do tratamento será tamén responsable do cumprimento dos anteriores principios e debe de poder demostralo.

Con base no anterior, débese garantir a aplicación dos ditos principios durante o tratamento dos datos, a través das medidas técnicas e organizativas pertinentes e integrar as garantías necesarias no tratamento, como poida ser o principio de minimización dos datos.

Estes principios son de aplicación xeral a calquera tratamento de datos persoais. Nese sentido tamén resultan de aplicación no tratamento de datos específico que comporta o emprego da HSUE (por exemplo, resulta de aplicación o principio de limitación da finalidade á hora de consultar a información que consta nunha historia social dunha persoa obxecto de intervención social no concello), sen que haxa cuestións concretas que salientan con relación á propia HSUE, agás no tocante ao principio de limitación do prazo de conservación, respecto do que cabe sinalar que no caso concreto da HSUE a súa observancia lle corresponde á Xunta de Galicia.

## 2.2 Deber de información

Para cumprir co deber de información (artigo 13 do RXP) imposto pola normativa, debemos de facilitarlle á persoa interesada unha información básica, así como os medios que permitan obter de forma sinxela acceso a máis información, no caso de que así o queira a persoa interesada.

A información básica que debe facilitárselle á persoa interesada ten que conter, como mínimo, os seguintes puntos:

- 1) A identidade da persoa responsable do tratamento.
- 2) A finalidade do tratamento.
- 3) A base xurídica do tratamento.
- 4) As categorías das persoas destinatarias dos datos persoais, se é o caso.
- 5) A posibilidade de exercer os dereitos que o/a asisten en materia de protección de datos.
- 6) Os datos de contacto do delegado ou delegada de protección de datos.
- 7) De ser o caso, a intención da persoa responsable de realizar unha transferencia internacional de datos.



O anterior refírese en xeral ao cumprimento do deber de información ante calquera tratamento de información.

Para cumprir o dito deber con relación ao tratamento específico que implica a utilización da HSUE polos servizos sociais comunitarios municipais, deberá incluírse, naqueles formularios que recollan datos persoais das persoas interesadas referidos ao proceso de intervención social que sexan susceptibles de ser incorporados ao sistema HSUE, unha cláusula informativa básica similar á que propoñemos no apartado 4 deste documento.

É importante que os formularios de recollida de datos inclúan o contido referido, á marxe de adaptacións no formato de presentación. Aínda que convén apuntar a recomendación de que se opte por un formato táboa coma o suxerido neste documento, por entenderse máis sinxelo para a persoa interesada.

A cláusula informativa debe situarse en lugar visible para a cidadanía, ser facilmente identificable e estar redactada de xeito comprensible.

Como se pode observar no contido proposto na cláusula tipo do apartado 4, a base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión de interese público, no exercicio de poderes públicos e no cumprimento de obrigas no ámbito da protección social da persoa responsable do tratamento. É dicir, a base do tratamento non é a autorización do cidadán ou cidadá a este, senón as previsións normativas de aplicación, nomeadamente o artigo 16 da Lei de servizos sociais de Galicia, que no seu apartado 5 contén, entre outras previsións, a seguinte:

*“Para dar cumprimento ao indicado no parágrafo anterior, as distintas entidades que integran o Sistema galego de servizos sociais, dentro das que se inclúen, ademais das administracións públicas galegas, as entidades privadas recollidas no punto 2 do artigo 29 desta lei, deberán incorporar á Historia social única electrónica a información e os documentos que a conforman, nos termos que regulamentariamente se establezan, autorizándose para o efecto, en virtude desta lei, a recollida, o tratamento e a cesión dos datos de carácter persoal necesarios para documentar o proceso de intervención social, coa finalidade dunha xestión máis eficaz e sustentable do Sistema galego de servizos sociais e da consecución da continuidade e complementariedade das intervencións entre os distintos niveis de actuación”.*

Comentamos o anterior para incidir na importancia de evitar confundir a non necesidade de autorización da persoa usuaria para o tratamento da información da HSUE, co deber de información sobre esta.

## 2.3 Traslado da información sobre protección de datos á persoa usuaria

Tendo en conta que non en todos os concellos que achegan datos á HSUE ten por que estar establecido un formulario ou modelo de solicitude de atención por parte dos servizos sociais e, dado que a información á persoa usuaria debe de ser facilitada na recollida dos datos, considérase recomendable establecer un modelo de recollida de datos no que se incorpore a dita información.

Con todo, e atendendo a que todas as persoas usuarias comprendan o alcance do dito tratamento e as súas consecuencias, recomendamos que se informe de xeito verbal dos seguintes aspectos (esta comunicación NON substitúe as táboas informativas dos formularios):

- Da persoa responsable do tratamento.
- Das finalidades que ten a recollida e uso dos seus datos.
- Das comunicacións dos datos que se realicen.
- Dos exercicios de dereitos que lles correspondan ás persoas usuarias

Neste último punto é importante subliñar que non se deben confundir os dereitos sobre os datos persoais da persoa usuaria cos dereitos que teñen esas mesmas persoas con respecto ás prestacións sociais recibidas. Con respecto ao exercicio de dereitos sobre os datos persoais, as persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Así mesmo, debe de informarse da existencia do procedemento BS104A – Acceso á información contida na Historia Social Única Electrónica dispoñible na Sede Electrónica.



## 2.4 Boas prácticas no tratamento de datos e protocolo de actuación.

Debido á tipoloxía dos datos tratados na HSUE, é importante ter moi presente o principio de confidencialidade da información, así como garantir que a persoa usuaria é consciente de que os seus datos son tratados con determinadas finalidades e que poderían ser cedidos a outras entidades, así como dos dereitos que sobre os ditos datos a asisten.

Para iso recomendamos o seguinte:

- Protocolarizar o emprego de formularios de recollida de datos iniciais, onde se informe a persoa usuaria sobre o tratamento de datos, independentemente de que o técnico ou técnica do concello informe de xeito sinxelo e resumido.
- Empregar unha linguaxe axeitada á persoa usuaria e intentar resolver, na medida do posible, as dúbidas que poidan xurdir con respecto ao tratamento de datos da HSUE.
- Velar pola confidencialidade da información á que se accede durante a entrevista coa persoa usuaria.
- Solicitar estritamente aqueles datos necesarios para a correcta xestión da atención solicitada.
- Non facilitar o acceso á HSUE de persoas non autorizadas ao seu uso. Deberase acceder á HSUE mediante o mecanismo de identificación establecido, que é persoal e intransferible.

Recomendacións:

Ademais do anterior, deben terse en conta as seguintes recomendacións:

- Cumprir as normas de uso dos medios dos sistemas de información establecidas polo Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 203, do 20.10.2008)
- Coñecer as normas e procedementos de seguridade, así como as consecuencias do seu incumprimento.

- Acceder só a aquela información contida na HSUE que sexa estritamente necesaria para desenvolver as tarefas asignadas, e gardar segredo sobre os datos persoais dos que teñan coñecemento durante o exercicio das súas funcións, deber que subsistirá aínda despois de finalizar as súas relacións coa persoa responsable do tratamento.
- Protexer o seu equipo dunha utilización inadecuada mediante o seu bloqueo cando non estea en uso.
- Calquera persoa usuaria que teña coñecemento dunha incidencia de seguridade deberá poñelo en coñecemento da persoa responsable.

Novamente trátase de recomendacións xerais que se deben seguir para asegurar o cumprimento da normativa en materia de protección de datos, sen especificidades concretas en relación co emprego de HSUE, aínda que completamente trasladables á HSUE e a calquera outro tratamento de datos que se faga, independentemente do instrumento informático que o soporte.



### 3 PROPOSTA DE CLÁUSULA INFORMATIVA

A continuación expone a proposta de cláusula para incluír no formulario inicial de recollida de datos por parte dos concellos. É importante resaltar que se os devanditos datos van ser empregados polo concello como responsable do tratamento, a dita cláusula deberá ser modificada nese sentido.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Xestión de servizos públicos no ámbito dos servizos sociais e a protección social ás persoas usuarias por parte do Sistema galego de servizos sociais. Xestión do expediente sanitario, social e educativo que se xere neste ámbito. Elaboración e mantemento da historia social única electrónica – HSUE segundo os usos previstos na súa normativa reguladora .
Lexitimación para o tratamento	O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público, no exercicio de poderes públicos e no cumprimento de obrigas no ámbito da protección social da persoa responsable do tratamento (Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e Decreto 89/2016, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia social única electrónica).
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas autonómicas e locais con competencia na materia.
Exercicio de dereitos	As persoas usuarias teñen á súa disposición un procedemento específico de acceso á información contida na Historia social única electrónica que se recolle en <a href="https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS104A">https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS104A</a> Porén, as persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos que a asistan segundo o recollido en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto do/a delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion</a>





